

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 2 de setembro de 2025 pola que se amplía o prazo establecido no artigo 28 da Resolución do 7 de marzo de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IN421S).

Mediante a Resolución do 7 de marzo de 2024, que foi publicada no DOG núm. 56, do 19 de marzo, establecéronse as bases reguladoras e anunciouse a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitouse en réxime de concorrencia competitiva, segundo o disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co disposto no artigo 28 das bases reguladoras das axudas:

O prazo de execución iníciase unha vez presentada a solicitude de axuda e finalizará na data establecida na resolución de concesión, sen que nunca poida exceder o 15 de outubro de 2024, para solicitudes con proxectos que se van realizar ata esta data, e o 30 de setembro de 2025, para solicitudes con proxectos que se van realizar ata esta data. Estas dúas datas, en cada caso, son as datas últimas admisibles de facturación e pagamento.

Dentro deste prazo de execución deberase presentar a solicitude de pagamento. As accións realizadas entre o 16 de outubro de 2024 e o 31 de decembro de 2024 poderán ser imputadas ao 2025.

O artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.



No presente procedemento de concesión de axudas estanse a rexistrar numerosas solicitudes de prórroga por parte dos beneficiarios, motivadas nas dificultades existentes para executar e xustificar os investimentos subvencionados na referida data límite, por motivos técnicos e a demora nas entregas de materiais polos provedores, e ademais non existe a posibilidade de causar prexuízos a terceiros.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e das condicións previstas na normativa anteriormente citada,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar o artigo 28 da Resolución do 7 de marzo de 2024, que queda do seguinte xeito:

«O prazo de execución iníciase unha vez presentada a solicitude de axuda e finalizará na data establecida na resolución de concesión, sen que nunca poida exceder o 15 de outubro de 2024, para solicitudes con proxectos que se van realizar ata esta data, e o 10 de novembro de 2025, para solicitudes con proxectos que se van realizar ata esta data. Estas dúas datas, en cada caso, son as datas últimas admisibles de facturación e pagamento.

Dentro deste prazo de execución deberase presentar a solicitude de pagamento. As accións realizadas entre o 16 de outubro de 2024 e o 31 de decembro de 2024 poderán ser imputadas ao 2025».

Segundo. Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia (www.inega.gal), para os efectos previstos no artigo 45.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Terceiro. De acordo co disposto no artigo 32.3 da LPACAP, contra o presente acordo non cabe recurso de ningún tipo.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2025

Pablo Fernández Vila
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: eweyisi0-p5h8-mat8-0eb7-yfmp7z9ivkz8

